

# 8M IGUALDADE OU CONFLITO



## UGT E CCOO ACTIVAS PARA A IGUALDADE EFECTIVA NO ÁMBITO LABORAL

Tanto **CCOO** como **UGT** temos como obxectivo prioritario o logro da igualdade efectiva, especialmente no ámbito laboral, por iso nos comprometemos a través das nosas accións cada día para alcanzala.

Este 8 de marzo resaltamos os avances producidos en materia de igualdade grazas á **reforma laboral** de 2021. No peche do primeiro ano da súa posta en marcha, facemos un primeiro balance moi favorable ao comprobar a continua mellora da calidade do emprego inducida por esta reforma, que está a cambiar para mellor o paradigma de contratación no noso país, en especial na situación das mulleres.

Segundo os resultados da EPA (Enquisa de poboación activa) de 2022, a ocupación aumentou cun cambio de tendencia cara ao contrato indefinido, que actualmente é moito máis habitual: uns catro contratos indefinidos de cada dez, cando antes a media era apenas un de cada dez (en Galicia, son agora 32 de cada cen; antes, nove de cada cen). É dicir, a contratación indefinida multiplicouse por tres, tamén para as mulleres. Deste cambio de tendencia beneficiáronse en maior medida as mulleres: no 2022, pasaron a ter un contrato indefinido 1 021 800 mulleres máis que en 2021 (33 300 mulleres máis en Galicia).

A reforma laboral tamén beneficiou as mulleres respecto á contratación temporal. No ano 2022 houbo 401 200 mulleres menos con contratos temporais con relación ao 2021 (en Galicia, 16 500 mulleres menos con contrato temporal).

Aínda que aplaudimos estes avances, aínda persisten numerosos problemas que cómpre abordar, como o elevado número de paradas e parados de longa duración; as mulleres representan o 53% do total de persoas paradas no ámbito nacional. Tamén consideramos imprescindible acometer subas salariais para evitar que as persoas traballadoras paguen as consecuencias dunha conxuntura económica forzada pola situación internacional e para evitar que se produza unha desaceleración da economía.

Para logralo, coidamos que **o aumento do salario mínimo interprofesional (SMI) ata 1080 euros é unha medida indispensable que reducirá a fenda de xénero e beneficiará o 14,5 % do total de persoas asalariadas**, polo que celebramos o aumento, froito do diálogo social cos sindicatos máis representativos. Isto implica un incremento moi significativo respecto a quen o percibiu en 2022. Neste sentido, do total de persoas perceptoras no 2023, seis de cada dez son mulleres, é dicir, coa suba do SMI a 1080 euros, haberá un 54 % de mulleres beneficiarias máis que homes. Ademais, a porcentaxe de mulleres perceptoras do SMI sobre o total de asalariadas sería de arredor do 19 %, fronte ao 11 % de homes. Coa suba do 8 % no SMI tamén se reducirá en maior medida a fenda salarial, que continúa sendo elevada. As mulleres seguen tendo en xeral salarios máis baixos e ocupan maioritariamente sectores moi afectados polo SMI, como empregadas de fogar, do campo, distintos empregos do sector dos coidados ou hostalería, polo que ese aumento do salario mínimo afectaría a estes sectores e en maior medida ás mulleres.

# 8M IGUALDADE OU CONFLITO

## UGT e CCOO ACTIVAS PARA A IGUALDADE EFECTIVA NO ÁMBITO LABORAL



En materia de **corresponsabilidade**, as mulleres seguen sendo as que traballan a tempo parcial (supoñen o 73,91 % do total de persoas ocupadas a tempo parcial) debido á vixencia do sistema de división sexual do traballo no ámbito familiar e á cultura patriarcal pola que os traballos non remunerados séguenos sostendo as mulleres. A pesar dos avances legais de individualización e intransferibilidade dos dereitos, continúan sendo maioritariamente as mulleres as que solicitan os permisos por coidados; por iso é imperativo garantir que os permisos sexan retribuídos e que se avance noutras políticas e medidas de corresponsabilidade co Estado, a sociedade, as empresas e os homes.

Ademais, en materia de coidados, acabar coa evidente discriminación sexista que supoñía a exclusión das traballadoras do fogar da Lei de prevención de riscos laborais así como da cotización e protección por desemprego e do FOGASA a través da ratificación do Convenio 189 é un gran paso que custou anos de reivindicacións sindicais, resultado do diálogo social. Non esquecemos que son as mulleres, concretamente as migrantes debido á cadea global de coidados que vén dada pola división internacional do traballo reprodutivo, as que sosteñen en gran medida os traballos de asistencia.

Por iso **UGT e CCOO** consideramos que tanto a ratificación do Convenio 189 como o inicio de ratificación do Convenio 190 da OIT foron un gran paso neste ano 2022 para os dereitos das traballadoras do fogar e contra a violencia e o acoso nos lugares de traballo.

Pola súa banda, o Convenio 190 responde á histórica demanda de **CCOO e UGT** de crear un instrumento para protexer as vítimas das situacións de violencia, acoso e violencia de xénero no eido laboral a nivel internacional.

**UGT e CCOO** expresamos a nosa rotunda condena a TODOS os tipos de violencias machistas, e ampliamos o foco a aquelas que permanecen máis invisibilizadas, sobre todo no mundo laboral. Tamén condenamos a violencia institucional que sofren as mulleres vítimas de violencia machista por un sistema que pode non cumprir con todo o que dita a lexislación; así, o incuestionable avance da ultradereita e o feito de que estea nos nosos parlamentos e asembleas lexitimou o discurso do negacionismo; isto está a ter un custo para a xustiza e a igualdade, na prevención das violencias machistas e na atención integral ás vítimas.

En España son xa 1190 as mulleres asasinadas por violencia de xénero a mans das súas parellas ou exparellas desde que se empezaron a contabilizar no ano 2003; en Galicia, 67. Desde o 1 de xaneiro ata o día de hoxe, xa foron asasinadas 8 mulleres por violencia machista, unha delas na nosa comunidade autónoma.

Desde **CCOO e UGT** reivindicamos a **necesidade e a importancia da negociación colectiva, fundamental para erradicar a violencia** que se exerce no ámbito laboral contra as mulleres. Por iso consideramos imprescindible a inclusión de protocolos de actuación fronte ao acoso sexual e/ou por razón de sexo negociados e acordados coa representación sindical en todos os centros de traballo, incluídas as Administracións públicas; tamén a atención xurídica e sindical ás vítimas. Reclamamos, entre outras medidas, un sistema de protección efectiva de todas as vítimas de trata, cunha dotación propia e suficiente nos orzamentos xerais do Estado.

Tanto no ámbito nacional como internacional, fomentamos a unión e establecemos alianzas estratéxicas feministas, sumando para avanzar en dereitos, en xustiza e inclusión, para que a plena igualdade entre mulleres e homes se converta nun dereito garantido e nunha realidade efectiva.

**Cos continuos ataques da ultradereita** contra os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres así como a negación por parte de partidos políticos da ultradereita das violencias machistas nalgunhas comunidades autónomas, **é primordial que as nosas organizacións dean un paso á fronte para seguir avanzando en dereitos e non permitir un indicio de retroceso fronte aos xa logrados.**

# 8M IGUALDADE OU CONFLITO

UGT e CCOO ACTIVAS PARA A IGUALDADE EFECTIVA NO ÁMBITO LABORAL



UGT e CCOO consideramos que a Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual, coñecida coloquialmente como a lei do «só si é si», é unha ferramenta que por fin pon o consentimento no centro e redefine o delito de violencia sexual. Pensamos que esta lei reforza as garantías no ámbito laboral fronte ás violencias machistas, o acoso sexual e o acoso por razón de xénero no traballo, incluído o acoso dixital e calquera outra forma de abuso perpetrado contra as mulleres polo feito de séreno.

Esta lei orgánica inclúe modificacións no Estatuto das Persoas Traballadoras, o Estatuto Básico do Empregado Público e a Lei xeral de seguridade social, que estenden dereitos ás mulleres traballadoras vítimas de violencia sexual coa finalidade de garantir a súa protección; destacan neste sentido a posibilidade de redución de xornada, a suspensión do contrato, a nulidade do despedimento, a mobilidade, permisos, excedencias ou prestación de orfandade para fillos e fillas de mulleres falecidas vítimas de violencia sexual. Así mesmo, a Estratexia Estatal para combater as violencias machistas 2022-2025, recentemente aprobada, é un novo instrumento contra as violencias dirixidas ás mulleres.

Desde CCOO e UGT reivindicamos a educación en igualdade para lograr unha cultura libre de violencias machistas, a través dunha educación transformadora e igualitaria desde idades temperás: educar na corresponsabilidade, na equidade, na autonomía e a liberdade. E para iso consideramos indispensable garantir unhas condicións de traballo e emprego decentes para todo o profesorado —un dos sectores máis feminizados— e mellorar a súa valoración social.

Tamén reivindicamos unha atención de coidados e unha sanidade que remunere e valore a quen traballa nela, e que garanta o dereito ao aborto polo método que cada muller libremente elixa e na sanidade pública sen ningún tipo de coacción fronte á súa decisión en todo o territorio nacional sen excepción. Acabar coa violencia obstétrica e garantir todos os dereitos reprodutivos e sexuais das mulleres son prioridades neste ámbito.

Non esquecemos as mulleres doutros lugares do mundo, especialmente perseguidas e cuxos dereitos se vulneran desde o propio Estado. Manifestamos a nosa petición á comunidade internacional e aos nosos gobernos para que fagan o posible por que se garantan as vidas e se restablezan os dereitos das mulleres afgás e iranianas, das mulleres nas guerras esquecidas, nas zonas de conflitos, das refuxiadas e asiladas.

Ante as violencias machistas, a misoxinia, o racismo, a LGTBIfobia e o sexismo que afectan ás mulleres de forma desmedida, UGT e CCOO unimos as nosas voces neste 8M xunto ao movemento feminista nacional e internacional, e chamamos a traballadoras e traballadores a participaren de forma activa nos distintos actos para poñer de manifesto a forza do feminismo e o seu potencial transformador no ámbito político e no diálogo social.








### Para CCOO e UGT é prioritario:

- ✓ A suba do SMI a 1080 euros é unha medida indispensable que reduciría a fenda de xénero, pois seis de cada dez persoas beneficiadas serían mulleres; e continuar coas melloras brindadas pola reforma laboral para evitar que as persoas traballadoras paguen as consecuencias dunha conxuntura económica forzada pola situación internacional e para evitar que se produza unha desaceleración da economía.
- ✓ Impulsar a negociación colectiva de medidas de igualdade nos convenios colectivos e nos plans de igualdade, adaptando esa negociación á normativa regulamentaria de plans de igualdade e de igualdade retributiva, e dotar de recursos públicos necesarios para o cumprimento deste obxectivo.
- ✓ Esixir o cumprimento dos plans de igualdade nos termos que obriga a lexislación.
- ✓ Combater a violencia machista desde os centros de traballo, adoptando protocolos de acoso sexual e acoso por razón de sexo e introducindo neles as novidades incluídas pola Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual.
- ✓ Incrementar e mellorar as políticas activas de emprego, con perspectiva de xénero.
- ✓ Adoptar medidas de acción positiva nas políticas xerais dirixidas a eliminar a discriminación e a desigualdade no emprego.
- ✓ Adoptar políticas con perspectiva de xénero en todos os ámbitos e, especialmente,
- ✓ en materia de coidados. Dignificar o sector de coidados e adoptar políticas de corresponsabilidade efectiva.
- ✓ A plena equiparación en dereitos das traballadoras do fogar.
- ✓ Investir en educación en igualdade para lograr unha cultura libre de violencias machistas a través dunha educación transformadora e igualitaria desde idades temperás. Educar na corresponsabilidade, a equidade, a autonomía e a liberdade. Garantir unhas condicións de traballo e emprego decentes para todo o profesorado e persoas traballadoras do ámbito educativo, pois este sector é un dos máis feminizados.
- ✓ Reivindicamos que se garanta o dereito ao aborto sen ningún tipo de coacción
- ✓ fronte á libre decisión das mulleres na sanidade pública de todo o territorio nacional sen excepción, acabar coa violencia obstétrica e garantir todos os dereitos reprodutivos e sexuais das mulleres como unha prioridade nas políticas públicas do territorio nacional.
- ✓ Reforzar e garantir os instrumentos e recursos de vixilancia, control e sanción da autoridade laboral para o cumprimento efectivo do principio de igualdade no ámbito laboral.



**8M** IGUALDADE  
OU CONFLITO

UGT E CCOO ACTIVAS PARA A IGUALDADE EFECTIVA NO ÁMBITO LABORAL



CCOO e UGT, ante as violencias machistas, a misoxinia, o racismo, a LGTBIfobia e o sexismo que afectan ás mulleres de forma desmedida, unimos as nosas voces neste 8M xunto ao movemento feminista nacional e internacional, e chamamos a traballadoras e traballadores a participaren de forma activa nos distintos actos unitarios, para poñer de manifesto a forza do feminismo e o seu potencial transformador no ámbito político e no diálogo social.



**UGT** 



**CCOO**